

# Deseño de materiais e actividades para Moodle: eXeLearning



## TEMA 4

Edición de contidos teóricos en eXeLearning

Duración do curso: 30 horas

---


## Índice

|   |    |
|---|----|
| Introdución.....  | 3  |
| Obxectivos.....   | 3  |
| Texto libre, obxectivos, precoñecemento.....  | 5  |
| O menú do editor de textos I.....   | 6  |
| Novo documento, revisión ortográfica e formato do texto.....  | 6  |
| Lembra que.....   | 7  |
| Se desexamos seleccionar todo o texto contido dentro do editor de texto, podemos empregar o atallo de teclado ctrl+a. Isto é moi útil cando desexamos modificar un texto de grandes dimensións, con táboas e diferentes elementos, evitando así que queden partes sen seleccionar.. | 7  |
| Aliñamento, viñetas e sangrado.....   | 7  |
| Tipos preformateados, tamaño e tipo de letra.....   | 8  |
| Lembra que.....   | 8  |
| Cores de texto e fondo, superíndice e subíndice. Pantalla completa.....   | 8  |
| O menú do editor de textos II.....  | 9  |
| Desfacer, refacer e copiar/pegar.....   | 9  |
| Lembra que.....   | 9  |
| Pegar HTML, buscar e hiperligazóns.....   | 9  |
| Imaxes, vídeo, quitar formato e copiar formato.....   | 10 |
| Formatos especiais.....   | 11 |
| O menú do editor de textos III.....   | 11 |
| Crear/editar táboas.....  | 12 |
| HTML e Axuda.....   | 12 |

## Introdución

**eXeLearning** é un editor de texto baseado en linguaxe **xHTML**. Mediante o botón de etiquetado "HTML" do editor é posible ver o código xerado polo editor de textos e podemos modificalo.

Algunhas cousas só se poden facer na vista HTML como modificar unha ligazón a un vídeo.



Se queres profundar na linguaxe de marcas tes na seguinte ligazón un manual de iniciación con licenza Creative Commons:

<http://manual-xhtml.blogspot.com>

Nos seguintes apartados veremos como empregalo e as posibilidades que nos ofrece este sinxelo editor.

## Obxectivos

Ao rematar este tema seremos capaces de:

- Utilizar as ferramentas que nos ofrece eXeLearning para **crear** os nosos contidos.
- **Editar e elaborar** contidos na ferramenta de Software Libre eXeLearning.
- Coñecer que son os **iDevices** e empregalos para facer e mellorar os nosos textos.

Para o bo aproveitamento desta unidade debemos coñecer o funcionamento básico de eXeLearning: o seu **menú principal**, a creación da **táboa de contidos** e o selector de **iDevices**.

Un iDevice é unha ferramenta de eXeLearning que nos permite engadir apartados nas nosas unidades formativas e dependendo da que empreguemos poderemos realizar unhas accións ou outras.

Nos seguintes apartados centrarémonos nos iDevices de **Texto libre**, **Obxectivos** e **Precoñecemento** que nos permitirán crear a maioría de elementos textuais que terán os nosos cursos ou píldoras de contidos.




## Texto libre, obxectivos, precoñecemento

**Texto libre, obxectivos e precoñecemento** son os iDevices máis sinxelos: permítenos introducir texto en formato XHTML, un dos formatos que se empregan nas páxinas web. Pero este feito non nos debe asustar, xa que o seu editor é moi similar ás ferramentas que temos para crear os nosos correos electrónicos ou procesador de textos.

Sempre que desexemos introducir contidos utilizaremos o **iDevice Texto libre**, que está na parte inferior do conxunto de iDevices. Cando desexemos indicar os obxectivos dun curso empregaremos o iDevice **Obxectivos** e o de **Precoñecemento** se se require algún coñecemento previo. Estes últimos o que fan é engadir unha cabeceira personalizada dependendo do estilo que esteamos a empregar. Polo demáis son iguais ao iDevice *Texto libre*.




Cando seleccionamos o iDevice *Texto libre* ábrenos un editor de texto e espazo no que comezaremos a escribir o contido que desexemos:



Nas seguintes seccións especificamos para que serve cada unha das opcións.

## O menú do editor de textos I







Cando seleccionamos calquera das ferramentas de texto que posúe o editor eXeLearning amósasenos un editor similar ao seguinte:



É un editor moi similar aos que podemos empregar na edición dun blogue, creación dun correo electrónico ou procesador de textos. Nos seguintes apartados veremos para que serve cada unha das opcións que nos ofrece.

### Novo documento, revisión ortográfica e formato do texto

A continuación veremos para que serven os diferentes apartados do menú e en que nos axudan:

|   |   |
|---|---|
|  | Novo documento. Limpas o contido e deixa o espazo de texto en branco. |
|  | Corrixe a ortografía do texto.  |
|  | Cambia o formato de tipo de letra a <b>grosa</b> .                    |
|  | Cambia o formato de tipo de letra a <i>cursiva</i> .                  |
|  | Cambia o formato de tipo de letra a <u>subliñado</u> .                |
|  | Cambia a <del>tachado</del> .   |

## Lembra que...

Se desexamos seleccionar todo o texto contido dentro do editor de texto, podemos empregar o atallo de teclado **ctrl+a**. Isto é moi útil cando desexamos modificar un texto de grandes dimensións, con táboas e diferentes elementos, evitando así que queden partes sen seleccionar.





Ademais desta opción son útiles os atallos de teclado para:

- **Grosa: ctrl+b**
- **Cursiva: ctrl+i**
- **Subliñado: ctrl+u**

## Aliñamento, viñetas e sangrado



As seguintes opcións permítenos modificar o aliñamento dun parágrafo ou obxecto, engadir listas e sangrar os nosos textos. Indicamos que acción realiza cada unha das ferramentas que o editor de texto pon á nosa disposición.

### Ferramentas de aliñamento




|   |                        |
|---|------------------------|
|  | Aliñamento á esquerda  |
|  | Aliñamento centrado    |
|  | Aliñamento á dereita   |
|  | Aliñamento xustificado |

### Listas

As listas poden ser ordenadas ou desordenadas, pero ademais podemos escoller de cada unha delas o tipo que mellor se adapte ao que necesitamos:

- **Lista desordenada** (  ): *por defecto, círculo, disco ou cadrado*.
- **Lista ordenada** (  ): *alfa baixo, grego baixo, romano baixo, alfa alto, romano alto*.

### Sangrado

En canto ao sangrado, podemos indentar á dereita (  ) ou a esquerda (  ). Ao seu lado temos tamén a opción de poñer citas (  ).

Este é un texto coa opción de citas seleccionada.

## Tipos preformateados, tamaño e tipo de letra

Nas seguintes opcións podemos escoller:





|           |  |
|-----------|--|
| Párrafo ▾ | <b>Tipos preformateados:</b> encabezamentos de diferentes tamaños, párrafo, etc. |
| Tamaño ▾  | <b>Tamaño da letra:</b> serve para escoller o tipo de letra.                     |
| Fonte ▾   | <b>Tipo de fonte:</b> nesta opción poderemos modificar a tipografía da fonte.    |

## Lembra que...

A opción que escollamos afectará ao texto que comecemos a escribir ou á selección que teñamos feita.

## Cores de texto e fondo, superíndice e subíndice. Pantalla completa

As opcións que nos quedan permítenos modificar a cor do texto, resaltalo subliñando cunha cor diferente ou escribir super ou subíndices.

|   |                      |
|---|----------------------|
|  ▾ | Cambiar cor do texto |
|  ▾ | Cambiar cor do fondo |
|    | Subíndice            |
|    | Superíndice          |





## O menú do editor de textos II

Nas seguintes seccións coñeceremos a parte central do menú do editor de textos. Copiar, pegar e outras ferramentas.



### Desfacer, refacer e copiar/pegar

Neste apartado analizamos o que nos permiten facer os seguintes recursos:

|   |  |
|---|--|
|  | Estas dúas frechas permítenos desfacer (a da esquerda) ou refacer (a da dereita) as diferentes accións que efectuamos cando empregamos o editor de textos. |
|  | Estas opcións permítenos por orde: cortar, copiar, pegar, pegar como texto plano e pegar desde Word.   |








### Lembra que...

Nalgúns casos cando queremos utilizar as opcións de copiado e pegado non están dispoñibles por motivos de seguridade (depende do navegador que utilicemos co eXeLearning). Chegados a este punto, é conveniente recordar que podemos utilizar os atallos de teclado:

- **Ctrl+x** para cortar
- **Ctrl+c** para copiar
- **Ctrl+v** para pegar


### Pegar HTML, buscar e hiperligazóns

Na seguinte táboa analizamos o xeito de insertar anacos de HTML, buscar algún texto ou reemplazalo e que opcións temos para introducir unha hiperligazón no noso texto:


|   |   |
|---|---|
|  | Pegar anaco de código embebido                      |
|  | Permitenos engadir HTML como texto                  |
|  | Permitenos buscar cadeas de caracteres              |
|  | Permitenos buscar e reemplazar cadeas de caracteres |
|  | Permitenos engadir unha ligazón                     |
|  | Quita unha ligazón                                  |
|  | Permite inserir/editar unha áncora                  |

## Imaxes, vídeo, quitar formato e copiar formato

As seguintes opcións permítennos inserir imaxes, vídeo e quitar formato e copiar formato:



Cada unha destas opcións permiten editar as propiedades dos obxectos que inserimos, podendo aliñar, modificar tamaños e outras que farán que estes obxectos estean en concordancia co noso texto.
















As dúas opcións anteriores permítennos deixar textos sen formato ou copiar un formato determinado a outras zonas do texto.

## Formatos especiais



Estas iconas permitenos traballar e aplicar diferentes formatos ao texto. Enuméranse por orde de esquerda a dereita:

- Inserir data: (  ). Permite inserir a data actual.
- Inserir hora: (  ). Permite inserir a hora actual.
- Regra de división (  ). Engade unha barra que divide dúas partes do contido.
- Cita (  ) en *texto*
- Abreviatura (  ), por exemplo: Abr.
- Acrónimo (  ), por exemplo L.M.S.
- Borrado (  ): podemos facer anotacións de ~~borrado~~.
- Engadir (  ): permitenos facer anotacións de engadido.
- Inserir ou editar atributos (  ).
- Inserir espazo non colapsable (  ).
- Inserir caracteres persoalizados (  ).
- Inserir caracteres matemáticos/látex (  ).
- Editar estilos CSS (  ).






## O menú do editor de textos III

Nesta parte traballaremos coa parte inferior do editor de textos, moito máis sinxela: permite traballar coas **táboas**, **HTML** e o apartado de **axuda** do editor TinyMCE.





## Crear/editar táboas

Indicamos na táboa seguinte as opcións que podemos empregar na edición de táboas:

|   |   |
|---|---|
|  | Permite crear e editar táboas                                 |
|  | Amosa o diálogo de propiedades da fila ou cela                |
|  | Engade fila antes, despois ou elimina fila seleccionada       |
|  | Engade columna antes, despois ou elimina columna seleccionada |
|  | Dividir ou combinar celas                                     |

## HTML e Axuda

As seguintes iconas permítennos ver o código en **HTML** e o acceso á **axuda** do editor.

|   |  |
|---|--|
|  | Permite editar o contido directamente en formato HTML.   |
|  | Premendo nesta icona accederemos á axuda do editor TinyMCE que é o editor de textos que se emprega en eXeLearning. |